



Máis de 170 cans chegados de toda España participaron en Xinzo de Limia na XV Monográfica do "Club Español del Epagneul Bretón"

Os días 21, 22 e 23 de marzo, a localidade ourensá de Xinzo de Limia acollía aos máis destacados criadores, propietarios e conductores da raza Epagneul Bretón que como cada ano se xuntaban na Monográfica, auténtica festa de tódolos bretoneiros.

Este evento contaba con diversas probas e actividades; a primeira delas, denominada "Diploma de Iniciación (D.I.N.)" remataba con tódolos cans inscritos con turnos sen ocasión (S.O.).



Seguíalle a proba de San Huberto, onde dominaban os cazadores cataláns cunha escasa diferenza entre eles. Foi Antonio Minguet, de Lleida, coa súa bretona 'Laica de Can Tassis' quen se impuxo na proba, seguido de Josep Lagunas con 'Usma de Keranlouan' e Jordi Ametller con 'Prima'.

Na proba de aptitudes naturais (P.A.N.) o can mellor clasificado resultou ser 'Cross de Cuellaranos', de Juan López Manrique.

A primeira hora da tarde do día 21 tiña lugar a proba estrela, a propia Monográfica (C.A.C. Morfoloxía) no recinto ferial de Xinzo, onde o gañador absoluto era 'Cuco de Alecrín', propiedade de Jorge Lomas, que acadaba un Excelente 1º CAC.

O día 22 celebrábase a asemblea xeral ordinaria do Club no salón de actos do Hotel Xinzo e tamén tiña lugar a primeira ronda da proba de Caza Práctica, que continuaría ao día seguinte. Nesta competición foi o can 'Thais de Coplilla', de Iñaki Elorriaga, quen acadaba un Excelente 2º C.A.C.I.T. e se proclamaba vencedor; segundo era 'Curro' de Javier Oliva Heras con un Excelente 1º; e terceiro remataba 'Axel' de Javier Polo conducido por Luis Fuentes, cun Excelente 1º.

Gabinete de Comunicación

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
www.federaciongalegadecaza.com